



MOCIÓN PARA FACILITAR O ACCESO DOS CONCELLOS AOS FONDOS NEXT GENERATION

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno

Exposición de motivos:

A pandemia da COVID 19 e as súas graves consecuencias no ámbito sanitario, social e económico puxeron en evidencia as grandes debilidades do sistema e a necesidade de impulsar mudanzas estruturais para lles facer fronte.

As entidades locais, como primeiro muro de contención ante a crise da COVID 19, foron tamén as máis prexudicadas a nivel económico, tendo que facer fronte a gastos non previstos, ben sexa no terreo social coma en termos de axudas e subvencións a sectores altamente afectados pola pandemia. En consecuencia disto xorden, dende a UE, os Fondos NEXT GENERATION, que é un plan de recuperación para tentar saír da crise económica e social na que estamos envoltos. Este fondo prevé dotar ao estado español de 140.000 millóns de euros dos que 72.000 millóns serían a fondo perdido.

Para acceder aos Fondos NEXT GENERATION, España presentou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que de acordo coas directrices europeas, as medidas que recolle establecen catro eixos de transformación: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero. Estas catro liñas de traballo desenvólvense a través de dez políticas panca e trinta compoñentes que articularán os proxectos específicos do plan. O Plan deseñado para o próximos tres anos estrutúrase ao redor das catro transformacións que o goberno do estado situou desde o principio no centro da estratexia de política económica: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a igualdade de xénero e a cohesión social e territorial. Catro liñas de traballo cruciais na resposta extraordinaria que o noso país pon en marcha para recuperar o benestar e darlle un impulso de longo prazo á economía.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia estrutúrase ao redor de dez “políticas panca ou tratoras” que van incidir directamente naqueles sectores produtivos con maior capacidade de transformación do noso tecido económico e social:

1. Axenda urbana e rural e loita contra o despoboamento.
2. Infraestruturas e ecosistemas resilientes.
3. Transición enerxética xusta e inclusiva.
4. Unha administración para o século XXI.
5. Modernización e dixitalización do tecido industrial e da peme, recuperación do turismo e impulso a unha España emprendedora.
6. Pacto pola ciencia e a innovación. reforzo ás capacidades do sistema nacional de saúde.
7. Educación e coñecemento, formación continua e desenvolvemento de capacidades.
8. Nova economía dos coidados e políticas de emprego.
9. Impulso da industria da cultura e o deporte.
10. Modernización do sistema fiscal para un crecemento inclusivo e sostible.

As catro liñas de traballo do Plan, así como as 10 políticas panca que emanan do mesmo, contribúen a facer fronte aos retos mundiais, incluídos os ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible), seguindo os principios da Axenda 2030 e o Acordo de París, así como a lograr unha economía de cero emisións netas de gases de efecto invernadoiro, máis tardar en 2.050.

Para a presentación dese Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Goberno de España lanzou convocatorias de manifestacións de interese para solicitar propostas e información que facilitaran a definición e concreción das liñas de actuación no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Así mesmo tamén fixo a Xunta de Galicia, maiormente en áreas nas que presenta maiores competencias e, sobre todo interese económico, industrial, social e cultural, abrindo procesos de manifestación de interese en proxectos de hidróxeno, apertura de centros de I+D empresarial, proxectos no eido dos servizos sociais e sector primario e agroalimentario. A maiores, anunciouse a creación dunha Oficina de Proxectos que canalizaría todas as ideas que puideran xurdir dos Concellos galegos e as empresas da comunidade, pero que non chegou a estar 100% operativa.

Ante esta situación, o Concello de Carballo está interesado en varias das políticas panca como fonte de financiamento, polo que se mantén á expectativa ante futuras liñas de axudas e subvencións para o desenvolvemento de proxectos vinculados a citadas políticas.

Con toda a información supostamente recollida, o Estado presentou o 27 de abril de 2021 o “PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACION Y RESILIENCIA”, un documento extenso e específico, onde se especifica a distribución de recursos económicos en función das necesidades analizadas e manifestadas no seu momento polo tecido político, industrial, empresarial e social de España. Na mesma onda, a Xunta presentara o 22 de abril de 2021 un listado de 248 proxectos ou iniciativas públicas, desagregadas por cadea de valor.

A maiores, na XXIV Conferencia de Presidentes celebrada en Salamanca o 30 de Xullo de 2021, anunciouse que as Comunidades autónomas xestionarán o 55% dos fondos europeos Next Generation que recibirá o estado español.

Por todo o exposto, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego propón ó Pleno de Carballo a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galicia a ter en conta aos Concellos á hora de presentar e tramitar proxectos susceptibles de ser financiados con fondos europeos Next Generation e poñer en marcha a tan anunciada Oficina de Proxectos, primando aos Concellos que acheguen proxectos vinculados ás políticas panca.
2. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a facer públicos os proxectos subvencionados e dotar de máis concreción os documentos “Detalle de iniciativas públicas” do 22/04/2021 publicado na web específica da Xunta de Galicia e no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno do Estado, dando a coñecer que proxectos serán financiados polos fondos Next Generation.
3. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a establecer parámetros lóxicos e consensuados á hora de abrir convocatorias públicas de axudas e subvencións para que as entidades locais poidan cumprir os requisitos. Do mesmo xeito, que os conceptos subvencionables das diferentes liñas sexan acorde coas convocatorias lanzadas así como coas necesidades amosadas nas manifestacións e expresións de interese, dando así importancia ás prioridades adiantadas polas entidades locais.
4. Ampliar as liñas de subvención máis alá das manifestacións e expresións de interese abertas no período de consulta polo Estado e a Xunta de Galicia, xa que proxectos e actuacións que cumprían coas políticas panca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia non puideron ser achegados de xeito oficial mediante un mecanismo de participación.

Carballo, 23 de agosto 2021

Xosé Regueira Varela

Portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego